


# CUMPRIMENTO

*do programa do equipo de goberno*



Xuño de 2025



## Contido

Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación .....	4
Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade .....	6
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais .....	13
Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica .....	16
Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente.....	18
Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade .....	24
Vicerreitoría de Extensión Universitaria .....	26
Vicerreitoría de Internacionalización .....	28
Vicerreitoría do Campus de Ourense .....	34
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra .....	35

## Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación

### CENTROS/INSTITUTOS

Apostar pola investigación de excelencia en todas as áreas do coñecemento como característica primordial, apoiando as liñas de investigación de calidade e promovendo as áreas que precisen mellorar os seus niveis de desempeño. Isto desenvólvese potenciando os **centros de investigación** CIGUS xa existentes (atlanTTic, CIM e CINBIO) mediante o establecemento dun contrato programa, o apoio aos centros colaborativos como CINTECX e ECOBAS e outros centros interuniversitarios como CISPAC e CITMAGA; así como apoiando os **institutos universitarios** xa creados como o IFCAE, o IAA, o IXEX o ILINGUA (recentemente creado) e promovendo a creación do novo Instituto en Ciencias do Deporte (INCIDE) xa aprobado pola comisión de investigación.

### PERSOAL

Continuar coa política e coas **convocatorias de retención de talento** e a incentivación á **consolidación investigadora** coas novas convocatorias dos ministerios de Universidades e de Ciencia e Innovación. Seguir co desenvolvemento da carreira investigadora co **compromiso de estabilización** coas figuras **Ramón y Cajal, Beatriz Galindo** e co persoal distinguido da UVigo ou da Xunta de Galicia.

En canto á **captación de talento internacional**, persoal investigador de moi alto nivel para o desenvolvemento de liñas estratéxicas de investigación na Universidade de Vigo, cabe citar o éxito en convocatorias nacionais como ATRAE. Colaborar con GAIN na actualización e na modulación das condicións do **programa Oportunus**.

### INTERNACIONALIZACIÓN

Potenciar a internacionalización da nosa investigación e da creación de alianzas e de unións estratéxicas, tanto a través da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI) coma na continuidade e impulso da **Universidade Europea ATHENA** en colaboración coa Vicerreitoría de Internacionalización, por medio do mantemento do **repositorio compartido** e do fomento da **colaboración** das distintas universidades integrantes en **proxectos de investigación**.

Actualizar o novo plan de acción **do selo europeo HR**, que abrangue unha maior transversalización e implicación dos distintos colectivos atendendo non só ás políticas de contratación de persoal OTM-R, senón a temas de igualdade, formación, sustentabilidade e todo o conxunto de aspectos e factores que contribúan a **mellorar a carreira investigadora**. Mellorar na aposta pola contratación de persoal a través da posta en funcionamento do **novo servizo de recursos humanos** de investigación que substitúe a UCPI e dos **cambios na normativa de contratación**, aínda pendentes de aprobación. Apostar por novas orientacións cara ás novas tendencias en avaliación da investigación, de acordo coa nosa inclusión en **CoARA**; integrámonos no grupo de traballo para a reforma da valoración da carreira investigadora e aprobamos un plan de acción que estamos a desenvolver con varios grupos de traballo sobre diversas convocatorias da UVigo.

Optimizar procesos de rexistro e de certificación do **persoal investigador visitante** e crear un centro de benvida (*welcome center*) tanto para visitantes coma para o novo persoal que se incorpore. Rexistro da UVigo como centro Euraxess:

<https://www.euraxess.es/information/centres/universidad-de-vigo>.

## AXUDAS A GRUPOS

Manter as **axudas propias** para visitas de investigadores/as, organizar congresos e reunións de carácter internacional e das axudas á internacionalización e á preparación de proxectos de investigación internacionais, ademais das de mobilidade de persoal investigador.

## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA E DE TRANSFERENCIA

Incorporar un **incremento do 10 %** na produción científica e de transferencia. Estase a piques de rematar a avaliación do ano 2023 e pronto se solicitará a do 2024 para estar ao día.

Como unha aposta por darlle **visibilidade á produción científica** da Universidade de Vigo, ao longo de este ano fíxose unha ampliación e unha mellora **do portal de investigación**, cos institutos e cos centros incluídos e tamén co persoal investigador predoutoral, ademais dos proxectos e dos contratos co seu importe. Estase traballando para implementar un portal conxunto tanto das universidades galegas coma das universidades españolas.

Seguir unha **aposta clara pola ciencia aberta**, mantendo as publicacións en aberto, a través dos acordos transformativos coas principais editoriais, e incrementando o valor da **produción científica e das axudas de mobilidade** cando as publicacións están en acceso aberto. Continuaremos coa integración en EOSC e coa potenciación do noso repositorio INVESTIGO e co desenvolvemento de políticas de acceso de publicacións e de datos en aberto. Así, o incremento de documentos en INVESTIGO no último ano foi moi notable e vaise incrementar co requirimento dos sexenios e da produción científica de 2024.

## TRANSFERENCIA

Realizar e mellorar continuamente **catálogos virtuais**. O ano pasado fixéronse os de ciencias sociais e humanidades e agora estase actualizando o de **biotecnoloxía**. **Remodelar a páxina web** no apartado investigar cun apartado específico para a transferencia, co fin de facilitar a relación coas empresas. Participar os centros de investigación no **Big Science Industry Forum Spain** con varios carteis para promocionar as infraestruturas dos centros de investigación e do CACTI.

Impulsar o **doutoramento industrial** e os **contratos con empresas** como os do artigo 60 da LOSU.

Promover proxectos en colaboración coas empresas para convocatorias tales como **Fábrica intelixente e sostible**, **Programa tecnolóxico espacial**, entre outros.

Fomentar os programas de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico, a constitución de **spin-offs** e a **promoción e a comercialización de resultados**. Concrétanse nunha **maior participación e no aumento da visibilidade en feiras e en foros de transferencia** (Navalia, Galicia Biodays, Transfiere, Mindtech, entre outros) e nuns novos criterios para asumir os **custos de patentes** por parte da Universidade de Vigo, que proporcionen un pulo renovado á investigación colaborativa con institucións, empresas e outros ámbitos externos á UVigo.

## Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

### OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

A OMA constitúe o órgano representativo e competente para executar a política ambiental da Universidade de Vigo (UVigo). Entre as súas funcións están prever os impactos ambientais e intervir en actuacións para corrixilos, a conservación e a restauración do medio natural, promover accións que aumenten a calidade do medio natural, asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental, así como o fomento da educación e da sensibilización ambiental.

Os ámbitos de actuación principais deste ano foron:

#### Xestión ambiental: manexo de recursos, enerxías, materias primas e residuos

- Recollida de **residuos químicos perigosos de laboratorio**
- Dende a OMA diríxese e supervísase a recollida dos residuos químicos perigosos de todos os centros dos tres campus a través de xestores autorizados. Durante este ano retiráronse as seguintes cantidades:

	Xuño de 2024	Decembro de 2024	Total de 2024
Residuos perigosos recollidos (kg)	14 361	8800	23 161

- Recuperación e aproveitamento de **RAEE** (residuos electrónicos) no Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática)

Traballouse na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de todos os centros da universidade. Para isto colaborouse co Gruvi na selección do material eléctrico e electrónico aproveitable. A cantidade total tratada a través de xestor autorizado deste tipo de residuos foron 4430 kg. Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) retirados (unidades) neste ano foron:

	Reutilizados no Gruvi	xestor autorizado
Ordenadores	72	505
Monitores	25	208
Impresoras + escáneres	3	29
Caixas con material variado	0	35
Outros equipos eléctricos	0	28
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>	<b>805</b>

- Xestionáronse os residuos de experimentación animal (**sandach**) nos laboratorios
- Xestionouse a recollida de **lámpadas** con *Ambilamp* (sistema estatal de xestión integrado de residuos procedentes de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo).
- Recolléronse consumibles informáticos (**cartuchos e tóneres**) a través da empresa Ridel-Noroeste. Dispuxéronse en puntos estratéxicos dos tres campus (conserxarías e servizos)

colectores para a recollida específica de cartuchos e tóneres de impresoras e fotocopiadoras, así como para teléfonos móbiles e dos seus compoñentes.

- Realizouse o control e seguimento de **consumos**: auga, electricidade e combustibles. Recolléronse a través das lecturas dos contadores específicos ou subministrados polos servizos de recompilación de datos da universidade (subministradoras). Rexistráronse mensualmente, estudando na medida do posible medidas de aplicación de eficiencia e aforro enerxético.
- Fomentouse, en colaboración coa Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade e a Área de Xestión das Infraestruturas da UVigo, o uso das **enerxías renovables** (solar fotovoltaica, solar fototérmica, xeotérmica, biomasa, eólica etc.).
- Fíxose o seguimento e a cuantificación do impacto ambiental da universidade segundo o estudo da **pegada de carbono** (emisións equivalentes de CO<sub>2</sub> por persoa < 0,7 t) e da **pegada ecolóxica** (superficie global equivalente por persoa < 0,2 ha). Este e outros indicadores (como o caso da enquisa **Green Metric** entre universidades no ámbito internacional) miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica do planeta para xerar os devanditos recursos.

#### Conservación do medio natural: xestión de zonas verdes

- **Plantáronse** unhas 430 unidades de árbores e arbustos en varias zonas dos campus (uns 1200 m<sup>2</sup>) como mellora da diversidade vexetal e paisaxística. Elixíronse sempre especies autóctonas, tanto as reproducidas coma as mercadas. Rexenerouse con plantas herbáceas autóctonas uns 5000 m<sup>2</sup> de zonas degradadas. Tamén se continuou a mellora das contornas con especies aromáticas e froiteiras.
- **Elimináronse** piñeiros (unhas 150 unidades) por risco de caída ou por cumprimento da lexislación contra incendios, en zonas próximas a edificios e a infraestruturas.
- Acometeuse unha **poda especial** de saneamento e **redución da copa** dos exemplares singulares danados polos temporais.
- **Reproducíronse** especies de flora autóctona, plantas herbáceas, arbustivas e arbóreas para futuras **plantacións** nas zonas verdes dos campus.
- Continuouse co control e coa erradicación das especies **invasoras de flora e fauna**.
- Xunto coa **Unidade de Xardinaría e Paisaxismo** da UVigo planificáronse os traballos de mantemento e conservación das **zonas verdes** e infraestruturas (estacionamentos, sistema viario e peonil, drenaxes, estanques etc.): roza, corta, poda, desempedrado, limpeza, rega, aviveirado, varrido, limpeza mecánica etc.). No campus de Ourense organizouse a plantación da «Árbore 1000» nun pequeno acto conmemorativo coincidindo co 50 aniversario dese campus.
- En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planificáronse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a **biodiversidade** e o potencial ornamental e **paisaxístico** das zonas verdes.
- **Limpeza** xeral das zonas duras, despois dos eventos programados nos diferentes campus.

- Continuouse o control e o seguimento dos posibles puntos de verteduras e entulleiras incontroladas nos campus.
- Recolléronse e **trituráronse** os **residuos vexetais** e **compostáronse**. Este ano producíronse aproximadamente uns 35 m<sup>3</sup> de compost maduro. Este ano houbo que organizar unha recollida e xestión especial de todos os residuos vexetais do arboredo afectado polo temporal *Kirk* (máis de 100 unidades caídas ou esgazadas).
- Mantivéronse as marxes e as franxas para **prever incendios forestais**, atendendo á lexislación vixente respecto das especies pirófitas situadas nas inmediacións dos edificios, infraestruturas e zonas viarias dos campus.
- Revisáronse e cortáronse as especies avellentadas, afectadas por **enfermidades** ou **pragas** e que supoñían un **risco** para persoas e vehículos.
- Séguese coa elaboración dos **inventarios** faunísticos e florísticos xeorreferenciados dos campus.
- Continúase co aproveitamento sostible dos **recursos hídricos** subterráneos e superficiais dos campus, tanto para a **rega**, a extinción de **incendios** e a creación e o mantemento de **hábitats** naturais.
- **Restauráronse** varias zonas en **espazos degradados** dos campus.
- Revisáronse e actualizáronse as cláusulas dos **pregos** de prescricións técnicas para o concurso 302/25 correspondente ao «Mantemento e conservación das zonas verdes da UVigo».
- Colaborouse outro ano coa Unidade de Cultura Científica na organización do evento de sensibilización e educación ambiental dun **BioBlitz**.
- Realizáronse unha serie de traballos ambientais **extraordinarios**: dragado e *descolmatación* de lagoas e estanques, levantamentos topográficos, instalacións de tomas de auga, cerramentos, balizamentos e peches de zonas de protección ambiental, poda especializada en altura, erradicación de pragas (procesionaria) etc.

### Sensibilización e formación

- Continuouse co programa de educación, concienciación e sensibilización ambiental: visitas con escolares, institutos, universidade (Fac. de Bioloxía, Erasmus, Centro de Linguas) por **itinerarios** naturais dos campus («Universidade é natureza» e «Ruta das árbores») para o coñecemento da fauna, da flora e da paisaxe dos campus. Incídese nas boas prácticas e no comportamento para conservar e protexer o medio natural.
- Dirixíronse **cinco bolsas** de formación na OMA para o estudantado universitario nos tres campus.
- Asinouse un **convenio** de colaboración para un proxecto de fin de grao dentro do programa Piune da UVigo para un alumno que desenvolveu o seu traballo na oficina.
- Programáronse campañas de **voluntariado** ambiental para traballos de conservación da natureza, así como campañas para a **conservación** do **patrimonio** ambiental e arqueolóxico.
- Desenvolvéronse campañas de **aforro e eficiencia enerxética** e do fomento do **transporte colectivo** na universidade.

- Realizáronse varios **cursos e seminarios** de formación sobre a produción, recollida e xestión dos **residuos**.
- Promocionouse o uso de **colectores** internos para a **recollida selectiva de residuos**.
- Incluíronse directrices nos pregos de contratación para a «**compra verde**» e sostible.
- Mantéñense ao día e difúndense os contidos ambientais na **web** e nas **redes sociais (RR. SS.)** da OMA.

## ÁREA DE INFRAESTRUTURAS

A actividade do departamento de obras pódese agrupar nos seguintes grandes ámbitos:

- Novos investimentos
- Reparacións, mellora de instalacións e obras menores

Os datos detallados das actuacións levadas a cabo durante o ano 2024 en cada un dos apartados anteriores recóllense no apartado correspondente desta memoria.

### 1. Novos investimentos

Xeral

Solicitáronse axudas ao Inega para nove instalacións fotovoltaicas nos edificios Xurídico-Empresarial de Ourense, Campus Auga, Fisioterapia, Filoloxía e Tradución, Teleco-Minas, Biblioteca de Ourense, CINTECX, Ciencias Experimentais e Olimpia Valencia.

O Inega concedeu todas as axudas solicitadas e executáronse as obras destas, agás a de Olimpia Valencia que se atopa en fase de licitación.

Con estas instalacións a Universidade de Vigo alcanzará case os 2 MW de potencia instalada en instalacións fotovoltaicas que, xunto ás restantes obras e instalacións encamiñadas a melloras da eficiencia, supoñen unha redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro de 2540 t equivalentes de CO<sub>2</sub> por ano.

Implantouse un sistema para a monitorización dos consumos e producións dos edificios da universidade.

Campus de Vigo

As actuacións máis representativas realizadas no campus de Vigo foron:

- Licitáronse as obras para a execución de dotación de ascensor (mellora de accesibilidade) no edificio da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
- Substituíuse a caldeira do edificio Fundación por finalizar a súa vida útil.
- Executouse unha reforma integral dos baños de mulleres na Facultade de Filoloxía e Tradución.
- Fíxose a transformación a gas natural das caldeiras do edificio do Servizo de Deportes nas Lagoas, Marcosende.
- Acondicionouse a contorna do edificio Exeria para mellorar a mobilidade do campus.
- Realizáronse obras para poder xerar un espazo para o novo Servizo de Recursos Humanos de Investigación.
- No edificio Exeria substituíronse as liñas hidráulicas para mellorar a climatización do edificio.

### Campus de Pontevedra

As actuacións máis representativas realizadas no campus de Pontevedra foron:

- Substituíuse a cuberta da Facultade de Fisioterapia para solucionar problemas de filtracións de auga.
- Executouse unha nova acometida de auga para evitar problemas de potabilidade.
- En Ciencias da Educación e do Deporte realizouse a subministración e a instalación dun novo grupo contra incendios.
- Reforma do espazo posproducción para unha nova aula e sala croma no segundo andar da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

### Campus de Ourense

As actuacións máis representativas realizadas no campus de Ourense foron:

- Reparouse a beirarrúa do edificio Politécnico para solucionar problemas de filtracións do edificio.
- Realizouse a subministración e a substitución de tres fiestras de aceiro corten no Edificio de Facultades.
- Fíxose unha reforma de espazo no laboratorio -1 do soto de infraestruturas no edificio Politécnico.
- Licitáronse as obras para a construción da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Nos tres campus, realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

## **2. Reparacións, mellora de instalacións e obras menores**

En todos os edificios dos tres campus realizáronse todas as tarefas para conseguir un adecuado mantemento, solucionando as incidencias notificadas polas administracións, decanatos e direccións dos centros.

Fíxose un esforzo importante en solucionar problemas de entrada de auga en varios centros, a través de numerosos cambios e reparacións de cubertas.

Continúase coa realización de obras de mellora da eficiencia enerxética en diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos e de subministración de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes etc.

## MEMORIA ATIC 2024

### Implantación de Sigma

- Análise de procesos académicos e refactorización da súa adaptación informática
- Documentación de procesos académicos
- Elaboración do POD 2024
- Duplicado PDA/POD Sigma en Xescampus e mantemento de Docnet

### Estabilización de Sigma na infraestrutura de servizos da UVigo

- Desenvolvemento da explotación de datos
- Autoemisión de certificados a partir de datos de Sigma
- Revisión e estabilización das integracións de Sigma nos servizos da UVigo:
  - Identidade corporativa
  - Perfís de usuario/a na secretaría virtual
  - Sistema de contas de correo
  - Sistema de autenticación centralizada
  - Integración con Moovi
  - Integración con Campus Remoto
  - Integración co sistema Alma da biblioteca

### Evolución de aplicacións recentemente implantadas

- Prácticas curriculares
- Emsia: aplicacións académicas satélite non soportadas en Sigma

### Evolución e integracións de Peoplenet

- Integración no rexistro central de persoal
- Integración 100 % dixitalizada no RCP
- Implantación do módulo de censos do PTXAS
- Implantación do módulo de acción social e integración na secretaría virtual
- Integración do envío automatizado de días de prácticas curriculares á Seguridade Social
- Integracións varias con outros ERP institucionais (SUXi, MUS etc.)

### Desenvolvemento de novos servizos

- Evolución tecnolóxica dos postos de traballo do persoal administrativo

## Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

### **Obxectivo 1. Consolidar e planificar a comunicación para promover fluxos de traballo**

A vicerreitoría redactou un novo plan director anual para avanzar na execución do Plan de comunicación da UVigo e desenvolver as metas marcadas no Plan estratéxico da UVigo 2021-2026, en particular no cumprimento do obxectivo de mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo.

Así, séguese traballando para acadar os obxectivos de comunicación fixados de xeito progresivo e apoiar os distintos emisores universitarios nos seus labores comunicativos, de acordo coa programación universitaria anual e cos recursos humanos e orzamentarios dispoñibles.

Entre as actuacións novas e de continuidade, séguese impulsando a integración da comunicación a través da colaboración diaria cos distintos subemisores. A vicerreitoría rematou as visitas a todos os centros docentes e de investigación para presentar os novos recursos e soportes e facilitar a integración da súa comunicación baixo o paraugas da identidade UVigo.

Continúase traballando na mellora da coordinación da comunicación institucional a través de xuntanzas periódicas coas persoas que xestionan a comunicación no universo UVigo e a actualización e a difusión de protocolos e de modelos que faciliten a mellora dos procesos de información cos distintos públicos.

### **Obxectivo 2. Intensificar o sentimento de pertenza e a participación da comunidade universitaria a través da consolidación da imaxe corporativa**

e está prevista a súa presentación á comunidade universitaria no inicio do curso 2025/2026. Este documento normativo elaborado pola Área de Imaxe constitúe xa o marco de referencia que define a imaxe institucional da UVigo, de acordo coa súa misión e valores, e establece os criterios para a súa xestión, uso e reprodución.

No eido da sinalización, estase a traballar na redacción dunhas directrices de deseño coa finalidade de uniformala. Trátase dunha acción pendente e esencial para reflectir a esencia da nosa marca e comunicar as nosas mensaxes de xeito efectivo nos distintos espazos onde ten presenza a UVigo.

Para a organización de eventos, a vicerreitoría ofrece unha gran cantidade de recursos que se pretenden recoller por escrito nunha guía práctica para, por unha banda, responder as necesidades das persoas organizadoras e, por outra, para mellorar a imaxe da institución.

A dedicación da UVigoTV á elaboración de pezas audiovisuais de carácter institucional permítenos contar a día de hoxe con pezas publicitarias de máis da metade dos nosas facultades e escolas para promocionar os centros en distintos soportes (web, redes sociais, eventos, captación etc.). Tamén segue crescendo o espazo Dálle ao Play, onde os nosos distintos públicos poden coñecer as actividades institucionais a través de vídeos resumidos.

No seu afán de aumentar a participación do público e de ofrecer contidos atractivos en formato cómodo de consumir, o pasado mes de novembro púxose en marcha o espazo radiofónico SONUVigo. A través do formato de podcast, dáselles voz mensualmente ao estudiantado, ao persoal docente e investigador (PDI) e ao persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) para informar do que acontece nos centros, servizos e unidades da Universidade de Vigo e dos temas de actualidade.

Para facilitar e mellorar os procesos de información coa comunidade, en particular co estudiantado, lanzouse en decembro de 2024 a canle de Whatsapp da Universidade de Vigo. Esta funcionalidade da plataforma ofrece unha forma innovadora de compartir a actualidade, novas de interese, convocatoria de bolsas ou avisos, optimizando a nosa estratexia de mercadotecnia de forma sinxela e efectiva.

A través de todos os seus soportes, a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais leva meses traballando coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade na organización da MEGAU 2025, na organización do acto de homenaxe ao estudantado cos mellores expedientes de Galicia nas probas de acceso á universidade que terá lugar en Vigo o 20 de xuño.

Para seguir estreitando os lazos cos seus distintos públicos, ademais dunha nova edición da axenda que se lle entregará ao estudantado nas xornadas de benvida 2025/2026 e da renovación do merchandaxe, estase traballando no deseño e na produción dun libro de fotografía que servirá como agasallo institucional de valor.

### **Obxectivo 3. Consolidar a proxección nacional e internacional da Universidade de Vigo como centro de educación superior de excelencia**

O labor informativo desenvolvido polo Gabinete de Prensa segue sendo a canle principal cos medios de comunicación. Responsable da cobertura informativa das actividades académicas, institucionais, científicas e culturais desenvoltas nos tres campus, o gabinete publica a diario no Duvi e agora tamén nas súas novas redes sociais (Facebook, X e LinkedIn). O Gabinete de Prensa é responsable da elaboración diaria do expediente de prensa (*dossier*), da xestión da axenda da web institucional, así como da redacción dos textos para publicacións editadas pola Universidade de Vigo.

Este labor informativo refórzase co traballo da Unidade de Cultura Científica e Innovación (UCC+i), que ten como misión divulgar a cultura científica e tecnolóxica producida na UVigo e o fomento das vocacións científicas en todas as etapas educativas. Para conseguir estes obxectivos, a UCC+i desenvolve anualmente unha programación de actividades. No Plan de ciencia de ida e volta 2024/2025, a divulgación científica entre todo tipo de públicos sitúase de novo no epicentro e destacan as seguintes accións: o Día da Ciencia en Galego, o Día Mundial da Muller e da Nena na Ciencia, Día Mundial das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, a expofeira científica «A ciencia que vén ten nome de muller», o programa «Embaixadores da ciencia e o coñecemento», o concurso Youtubers Científicos, o programa de formación sobre divulgación científica para persoal investigador, entre outras.

A UVigo, a través da Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais participou na organización do I Congreso de Divulgación, Transferencia e Impacto Social da Ciencia-CoDi, xunto con Ediciones Profesionales de la Información SL, coa colaboración do Consello Social, os días 12, 13 e 14 de marzo 2025 no campus de Ourense. O encontro reuniu máis dun cento de especialistas relacionados de xeito diverso coa divulgación científica e a transferencia principalmente en universidades públicas, bibliotecas, centros de investigación e fundacións de sete países (España, México, Brasil, Portugal, Francia, Italia e Romanía).

Baixo o lema Xeración UVigo, a campaña de comunicación da UVigo 2025 está a punto de presentarse con motivo das PAU e do período de matriculación, cunha nova aposta polos medios dixitais e pola publicidade exterior. Dirixida á mocidade galega de entre 17 e 23 anos, cun especial reforzo nas zonas nas que se atopan os tres campus, o obxectivo é potenciar a institución como primeira opción do potencial alumnado para realizar os seus estudos universitarios.

Desde a vicerreitoría contribúese tamén á proxección da UVigo no ámbito internacional a través da visibilización do labor de internacionalización en todos os soportes dispoñibles, a tradución da web ao inglés ou as publicacións semanais trilingües nas redes sociais.

### **Obxectivo 4. Reforzar a estratexia dixital**

Os esforzos céntranse en integrar novas canles de comunicación e en crear contidos diferenciadores e de calidade para aumentar o coñecemento da nosa marca, atraer novo estudantado, fidelizar o

estudiantado actual e os demais públicos, xerar confianza e credibilidade e, sobre todo, posicionarse como universidade galega líder nos medios sociais.

A evolución das canles sociais da Universidade de Vigo foi positiva nestes últimos tres anos, con máis de 16 826 publicacións totais entre Facebook, Instagram, LinkedIn, X e Bluesky; 11 815 historias compartidas en Instagram e 42 *reels* publicados en Instagram.

En resumo, LinkedIn é a plataforma onde máis medra a UVigo e aquela que achega uns mellores resultados. Podemos destacar tamén o bo comportamento de Instagram, así como as boas cifras de alcance e interaccións de Facebook.

A evolución do número de persoas seguidoras das redes sociais no último ano é o seguinte:

	Decembro de 2024	Abril de 2024	Evolución
Facebook	15 379	15 884	+ 3,28 %
X	41 000	40 687	- 0,76 %
Instagram	10 511	13 487.	+ 28,31 %
LinkedIn	68 801	74 628.	+ 8,46 %
TikTok	606	1210.	+ 99,67 %

O perfil de Bluesky creouse o 25 de novembro de 2024 e a primeira publicación realizouse o 26 de novembro. En abril de 2025, o número total de seguidores era de 691 e non se dispón de máis datos sobre esta plataforma polo momento.

UVigoShow, a canle de TikTok da UVigo, continúa co seu estilo completamente diferente ás outras plataformas da institución e tamén ás do resto das institucións académicas españolas. Especialmente deseñada para o público obxectivo da entidade, o da xeración Z, os que se atopan entre os 28 e os 24 anos, a serie estreada en xaneiro de 2024 continúa este ano amosando a investigación realizada na UVigo e as asociacións estudiantís.

A presenza da UVigo nas redes sociais é clave para compartir coa sociedade o coñecemento e os valores que representa. Para responder á aparición de novas plataformas e mellorar acotío a estratexia de comunicación cos nosos distintos públicos, realizouse unha revisión da Guía de publicación nas redes sociais da UVigo. Con esta actualización refórzase a estratexia dixital e conciénciase da importancia dunha boa xestión das redes sociais.

## Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica

Este equipo propúxose garantir os contratos indefinidos, as actividades científico-técnicas e os contratos por obra e servizo. Para iso, convocáronse todas as prazas de CU e TU da OEP do ano 2023 e parte da oferta de PPL, co cal se garantiu o apoio á estabilidade e á promoción do noso profesorado mentres nos adaptamos tamén á LOSU. O equipo comprometeuse, ademais, a aprobar unha nova serie de prazas de PPL que será aprobada durante o presente ano. Nesta mesma liña, debemos comentar que se aprobaron no consello de goberno os contratos-programa cos departamentos para os cursos 2024/2025, 2025/2026 e 2026/2027, aprobáronse entre 31 e 34 prazas de profesorado axudante doutor por curso e convocáronse 42 prazas de profesorado axudante doutor polo Programa María Goyri correspondentes ao ano 2024 e seis do ano 2025 por petición dos departamentos implicados.

Así mesmo, elaborouse, como todos os anos, o cadro teórico de persoal de acordo coa normativa aprobada no consello de goberno o 24 de marzo de 2020 e modificada no consello de goberno do 24 de xaneiro de 2024; este cadro inclúe as cargas e as folguras das distintas unidades docentes e publicouse na web da Universidade de Vigo en prol da transparencia. As horas reais impartidas por cada docente e as folguras resultantes poden consultarse ademais no e-POD, o novo programa para elaborar o plan de organización docente.

Por outra banda, durante 2025 fíxose unha análise do número de docentes incluídos no colectivo do profesorado axudante doutor (AXD), así como das acreditacións das que dispoñen para a convocatoria e a aprobación de novas prazas. Ademais de diversas reunións co colectivo de AXD nos campus de Ourense, Vigo e Pontevedra, acaba de aprobarse na mesa de negociación unha modificación na Normativa de recoñecementos para permitir que os AXD que teñan dous ou máis sexenios vexan reducida a súa capacidade docente. Tamén se fixo a análise do custo de pasalos a PPL ao final dos cinco ou seis anos de contrato e asumíuse o custo de pasar a interinos todos os AXD que así o pediron, cando foron aprobadas as prazas nas súas áreas.

No que respecta á análise de envellecemento do cadro de PDI, a Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica fai regularmente ao longo de todo o curso académico un estudo, tendo en conta a xente que se xubila e a que entra nova. A última análise fíxose o 1 de xuño deste ano, xa que o PDI ten ata o 31 de maio para presentar a súa petición de xubilación para o curso 2025/2026 e pretendíase que fose o máis realista posible. De feito, os contratos-programa fixéronse tendo en conta as potenciais xubilacións nos vindeiros anos. Ademais, os/as docentes con máis de 67 anos contabilizáronse como xubilados para calcular as prazas que poderían saír en cada unidade docente. Para equilibrar os ámbitos e rexuvenecer as unidades docentes, incorporáronse 11 axudantes doutores e convocáronse 42 prazas máis de axudantes doutores polo Programa María Goyri, que foron principalmente para unidades docentes dos ámbitos xurídico-social e humanístico. Aínda que nos primeiros anos do contrato-programa os docentes que se incorporaban eran de idade avanzada, principalmente debido á escaseza de prazas deste colectivo convocadas nos anos anteriores, a tendencia destes últimos anos é que os docentes que se incorporan están a baixar a media de idade do novo profesorado desta universidade.

Por outra banda, na loita pola atracción do talento doutras universidades e institucións, convocouse unha praza de TU de mobilidade e vaise convocar unha de CU, de mobilidade tamén, neste mesmo ano. Así mesmo, incorporouse neste 2025 un profesor titular de universidade procedente do Sergas.

Respecto do profesorado asociado, aínda que o plan de promoción de asociados rematou, a realidade é que moitas das prazas de axudante doutor que están a saír están a ser gañadas por profesorado asociado da Universidade de Vigo, o que permite a súa promoción. Isto é así porque as prazas de axudante doutor están a ser convocadas en áreas moi deficitarias e cun número importante de asociados ou substitutos.

No tocante aos pasos dados cara á adaptación á LOSU, cómpre dicir que se aprobou a normativa para o paso de PCD a PPL, así como a normativa de profesorado substituto. Así mesmo, adaptouse a

normativa de contratación de profesorado universitario para adaptala mellor á LOSU e está a redactarse nunha mesa de traballo da mesa de negociación unha nova normativa de profesorado asociado.

Respecto do recoñecemento docente por maternidade, non só se lles está permitindo ás mulleres de baixa por maternidade reincorporarse cun 100 % de redución de docencia o primeiro ano e co 50 % o segundo ano, senón que se modificou a normativa para recoñecer, para os efectos de certificación, que se lles recoñecerá durante eses anos a mesma docencia ca a do ano anterior á baixa por maternidade.

Por último, hai que comentar que se modificou a normativa de recoñecementos para incluír os recoñecementos por cargo académico como coordinador/a de mestrado universitario e mestrado interuniversitario a maiores da bolsa de centros.

## Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

### CENTROS E DOCENCIA

#### 1. Creación do Centro de Posgrao e Formación Permanente

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento 2024	100 %
Cumprimento actual	100 %

#### 2. Creación da Facultade de Enfermaría

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	80 %
Cumprimento actual	80 %

Non hai variación respecto a 2024. Estase a espera de que a Consellería de Sanidade realice as súas achegas á proposta da Universidade de Vigo de convenio de desadscripción, enviado en marzo de 2024. Por outra banda, tamén se está a espera da sinatura do convenio do Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e as tres universidades do SUG, cuxas alegacións de presentaron en novembro de 2023.

#### 3. Estado das titulacións oficiais

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento 2024	85 %
Cumprimento actual	90 %

As principais medidas na oferta oficial están centradas no mantemento das titulacións que corren o perigo de deixar de ofertarse pola baixa demanda e na implantación das titulacións que estaban pendentes. Cómpre sinalar que o novo mapa de titulacións de grao aínda non está aberto.

Dentro do programa de racionalización da oferta docente no SUG, respecto ás titulacións de grao, cómpre indicar que está feita a solicitude de singularidade na Secretaría Xeral de Universidades dos seguintes títulos: Grao en Enxeñaría Agraria, Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Grao en Enxeñaría Forestal, Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española, Grao en Turismo, Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía de conservación de produtos da pesca e Mestrado universitario en enxeñaría biomédica.

No curso 2024/2025 incorporáronse os seguintes títulos: Grao en Enxeñaría da Automoción (mención dual), Mestrado universitario en biofabricación e Mestrado universitario en internet das cousas.

No curso 2025/2026 incorpóranse os seguintes títulos: Mestrado universitario en economía circular e Mestrado universitario en ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua, e están solicitadas as autorizacións para o Programa de simultaneidade Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial, Programa de simultaneidade Grao en Enxeñaría Agraria e Grao en Ciencias Ambientais, e Programa de simultaneidade Grao en Enxeñaría Agraria e Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

Atópanse en proceso de avaliación para o curso 2025/2026 os novos mestrados en Literatura dramática, música e artes escénicas, Prevención e abordaxe multidisciplinar das drogodependencias e condutas aditivas, Realidade estendida, Ciencia do exercicio, preparación física e readaptación deportiva e Creación artística contemporánea, así como o Programa de doutoramento en investigación sanitaria.

#### 4. Negociación do novo mapa de titulacións

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	0 %
Cumprimento actual	0 %

A Xunta de Galicia aínda non abriu a negociación do novo mapa de titulacións.

#### 5. Virtualización de laboratorios

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	70 %
Cumprimento actual	85 %

Estase a desenvolver un proxecto de virtualización de laboratorios iniciado no ano 2022 mediante o cal se están a crear espazos para clases, conferencias, presentación de pósteres, exhibicións etc. Os proxectos realizados son virtualización e xemelgos dixitais na área de sistemas aeroespaciais, aulas virtuais de Solidworks, laboratorio de creación de contidos e metaverso (simulacro), ferramentas didácticas virtuais personalizables e adaptables, taller de identificación de minerais, creación dun contorno virtual relacionado coa «teoría de ondas» e facilmente estendible..

#### 6. Migración a SIGMA

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	85 %
Cumprimento actual	90%

Na actualidade estanse a migrar os datos complementarios dos expedientes migrados (información requirida para o SET), actividades culturais, prácticas extracurriculares e cualificación numérica dos recoñecementos en bloque das materias de formación básica. Configuráronse os novos plans de estudo de grao e de mestrado de acordo coa planificación docente do curso 2025/2026 e a xestión da planificación docente anual 2025/2026.

Desenvolvéronse os proxectos BONIFXUNTA (xestión bonificación da Xunta), PR-INTERUN (xestión de plans interuniversitarios) e MEJORDOA (elaboración das guías docentes, en proba piloto).

Quedaría por desenvolver a implantación dos programas de doutoramento, seguir coa migración de expedientes históricos, a mellora na implantación dos módulos de xestión de actas, bolsas, traballos de fin de estudo e a definición dun modelo para emitir os certificados académicos..

#### 7. Modelo de planificación docente anual (PDA)

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	5 %
Cumprimento actual	100 %

Adaptación á nova lei do sistema universitario e incorporación da elaboración desta na plataforma Sigma..

#### 8. Bolsa de centros

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	100 %
Cumprimento actual	100 %

### FORMACIÓN PERMANENTE E INNOVACIÓN DOCENTE

#### 9. Incremento e promoción dos títulos propios e dos programas de formación permanente do profesorado

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	50 %
Cumprimento actual	80 %

No curso 2024/2025 desenvolvéronse os seguintes cursos:

- -Tres cursos de especialista, un dos cales foi unha nova proposta. O número de cursos ofertados mantívose con respecto ao curso 2023/2024 e 2022/2023.
- Dous cursos de experto/a, un dos cales foi unha nova proposta. O número de cursos ofertados incrementouse un 50 % con respecto aos cursos anteriores.
- 12 DCAP, polo tanto a oferta de cursos avanzados de posgrao incrementouse practicamente nun 50 % (no curso 2023/2024 fixéronse sete formacións).
- 19 DCFU, polo que a oferta de cursos de formación universitaria se reduciu (no curso 2023/2024 fixéronse 28 formacións). Neste caso, debe terse en

conta que houbo moitas formacións tanto da cátedra con INCIBE coma a través dos proxectos subvencionados do Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible.

Na oferta do curso 2025/2026 está prevista a incorporación de dous mestrados de formación permanente, un dos cales ten unha estrutura modular con dous títulos propios de experto/a, ademais de novos títulos de experto/a universitario. Por outra banda, xa se están a ofertar as primeiras microcredenciais universitarias, dúas das cales contan con financiamento a través do convenio co Banco Santander, de forma que durante 2025 se darán 150 bolsas de 300 euros.

No que respecta ao programa de formación permanente de profesorado, pasouse de 39 formacións en 2023 a 58 formacións en 2024, o que supón un incremento de practicamente o 49 %. O número de participantes en 2024 nestas formacións ascendeu a 1236 matriculados/as, mentres que se expediron 789 diplomas. Ademais, desde xaneiro de 2025 os cursos para o profesorado comezaron a ofertarse a partir da plataforma Sigma.

Por outra banda, cómpre indicar que acaba de rematar a primeira edición do Curso de iniciación á formación para a docencia universitaria e que xa se está a traballar en dúas novas edicións de formacións asíncronas de 3 ECTS para ofertar en cada semestre do curso 2025/2026.

#### 10. Formación para o emprego

Cumprimento previsto	100 %	
Cumprimento en 2024	70 %	
Cumprimento actual	85 %	

Debido aos atrasos na convocatoria de cursos de formación para a capacitación dixital e a sustentabilidade no ámbito do transporte e da mobilidade, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, no curso 2023/2024 impartíronse 10 accións formativas, mentres que no curso 2024/2025 vanse impartir oito formacións, polo que quedan tres accións pendentes para o final do ano 2025.

O segundo convenio de colaboración co SME Instituto Nacional de Ciberseguridade de España M. P., S. A para a promoción de cátedras de ciberseguridade en España no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU rematou en abril de 2025 as segundas edicións dos catro cursos básicos de ciberoperacións defensivas, ofensivas, de intelixencia de ciberamezas e xestión de riscos por un importe total de 400 000 euros.

### 11. Innovación docente

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	60 %
Cumprimento actual	90 %

O número de grupos de innovación docente (GID) aumentaron no ano 2022, un 5 %, e no ano 2023, un 2 %. No ano 2024 cambiou o sistema de xestión dos GID para adaptarse ás liñas de traballo que seguen as universidades españolas. Na recente convocatoria de 2025 incrementáronse en 11 os GID, o que representa un aumento do 16,4 %.

Estanse a desenvolver experiencias piloto anuais nos centros docentes para incentivar accións de innovación docente en liña co RD 822/2021 nunha estratexia metodolóxica específica e diferenciada que estructure a globalidade dun título universitario oficial. Así, en 2022 desenvolvéronse a través dunha convocatoria pública, do 22 de marzo, tres proxectos pilotos de innovación docente na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e na Facultade de Educación e Traballo Social por un importe de 25 000 euros. O 7 de xullo de 2023 saíu unha nova convocatoria por un importe de 15 000 euros. A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Facultade de Comunicación melloraron o seu proceso de ensino-aprendizaxe a través da virtualización en metaverso dalgunhas materias. Na convocatoria de 2024 incrementouse o orzamento a 52 000 euros en tres liñas: virtualización en metaverso, implantación de metodoloxías activas e xeración de MOOC. Concedéronse catro proxectos na liña 1 e 8 proxectos na liña 2.

Durante o ano 2025 está previsto que a Universidade de Vigo organice a III Xornada Interuniversitaria Galega de Innovación Docente (XIGAID).

<https://xornadas.innovacion.webs.uvigo.es/>

### 12. Programa universitario de maiores (PUM)

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	60 %
Cumprimento actual	90 %

O número total de materias ofertadas no curso 2024/2025 no ciclo intensivo foron 32 no campus de Ourense, 42 no campus de Pontevedra e 57 no campus de Vigo. No ciclo integrado, por campus ofértanse prazas nas seguintes materias: en Ourense en 95 materias, en Pontevedra en 49 materias e en Vigo en 81 materias.

Unha vez rematado o prazo de matrícula do curso 2024/2025, o alumnado matriculado no ciclo intensivo foi de 499. Con respecto aos 438 do curso 2023/2024, supón un incremento do 14 %.

O alumnado matriculado no ciclo integrado foi de 58 que, con respecto aos 52 do curso 2023/2024, supón un incremento do 11,5 %. Por tanto, apréciase unha clara tendencia á alza do Programa universitario de maiores desde a pandemia.

En canto á participación por xénero, no curso 2024/2025 houbo un 63,4 % de mulleres fronte a un 36,6 % de homes no ciclo intensivo, mentres que no ciclo integrado as porcentaxes foron dun 55,2 % e dun 44,8 %, respectivamente. Por campus (Ourense, Pontevedra e Vigo) as porcentaxes son do 24,8 %, 23,6 % e 51,5 %, respectivamente no ciclo intensivo, e do 27,6 %, 34,5 % e 37,9 % no ciclo integrado.

O programa Marea do coñecemento ten o obxectivo principal de favorecer a democratización do coñecemento potenciando e difundindo o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos das comarcas nas que se desenvolve. A acollida en todos os concellos foi moi boa cunha participación moi elevada. En 2024 participaron os concellos de Allariz, Covelo, Lalín, Poio, Ribadavia e O Rosal, e en 2025 impartirase nos concellos pontevedreses de Covelo, Gondomar, Poio e O Rosal, e nos concellos ourensáns de Allariz e Celanova.

En outubro de 2024 presentouse unha nova solicitude de acreditación para a mobilidade de persoas adultas Erasmus+ xunto cun plan de internacionalización para o PUM que, aínda que foi ben valorada, non superou a puntuación necesaria e quedou en segundo lugar. Coa experiencia acadada, intentárase na vindeira convocatoria

### 13. Desenvolvemento de MOOC e de microcredenciais

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2024	10 %
Cumprimento actual	50 %

No desenvolvemento de MOOC sacouse unha pequena convocatoria dentro dos proxectos pilotos de innovación docente nos centros. A través de RedIRIS entrouse no proxecto UniMedia, consistente na implantación do ecosistema de vídeo Kaltura, coa súa integración en Moodle, o que pode ser unha oportunidade.

Por outra banda, vaise asinar o convenio coa Xunta de Galicia e as tres universidades galegas, onde se definirá a oferta de microcredenciais universitarias para a recualificación da poboación adulta dentro do Plan Microcreds lanzado polo Ministerio de Universidades, tamén no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU. Tendo en conta o criterio de poboación, en concreto a porcentaxe respecto do total da cifra oficial de poboación de 25 a 64 anos, no caso da Universidade de Vigo teranse que xerar 1548 microcredenciais antes de xuño de 2026.

## Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

A universidade ten o compromiso co estudantado de ofrecerlle un desenvolvemento integral mediante o apoio, a orientación e a formación en todas as súas etapas: antes de iniciar os seus estudos, para dar a coñecer a oferta formativa da UVigo; no seus inicios, para facilitar a súa incorporación á vida universitaria; durante o seus estudos, coa regulamentación, a formación transversal e a participación estudantil; ao finalizar, cos programas de emprego e emprendemento que faciliten a súa incorporación ao mercado laboral; e, por suposto, como egresado/a, para proporcionar colaboracións que respondan a intereses comúns.

Este compromiso maniféstase en sete liñas de actuación externas e complementarias á propia docencia que están orientadas a todos os colectivos de estudantes.

Os obxectivos acadados neste terceiro ano de mandato son:

### 1. Captación de estudantado

Continúase coas actividades do Plan de captación de alumnado da Universidade de Vigo, que recolle un conxunto de actividades dirixidas a dar a coñecer a oferta formativa e as fortalezas da Universidade de Vigo a diferentes colectivos, tanto de Galicia coma do ámbito nacional e internacional. Nese senso, neste terceiro ano de mandato incorpóranse novas actividades que complementan as xa existentes:

- Programa de voluntariado «Embaixadores UVigo»: estudantado da UVigo participa en actividades de captación de alumnado organizadas pola vicerreitoría.
- Programa «Embaixadores PDI UVigo»: profesorado da UVigo desprázase aos IES que o solicitan para informar sobre a oferta da UVigo por ámbito de coñecemento.
- Chat UVigo: actuais estudantes da universidade dan a coñecer a súa experiencia e acláranlle dúbidas sobre os graos e a vida universitaria ao alumnado preuniversitario a través dun chat.

### 2. Regulamentos

Para cumprir os Estatutos da Universidade de Vigo, adaptarse a novas normativas e atender as necesidades do estudantado, modificáronse as seguintes normativas:

- Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos.
- Regulamento de recoñecemento de créditos por actividades universitarias.
- Admisión de estudantes con estudos universitarios nunha universidade española.

### 3. Bolsas, axudas e premios

Para asegurar o acceso á universidade e á igualdade de oportunidades, continúaase co programa de bolsas propias da UVigo. Ademais de consolidar as novas convocatorias dos primeiros anos de mandato, pónense en marcha:

- Bolsas para a realización do traballo fin de grao e de mestrado en empresas.
- Premios a proxectos emprendedores.
- Premios a empresas emerxentes (*start-ups*) universitarias.
- Premios de excelencia 360.

#### 4. Formación en competencias transversais

A adquisición de competencias é unha necesidade e unha esixencia dos actuais sistemas de ensino universitario no marco da Europa do coñecemento. A universidade debe responder a novas expectativas, como a aprendizaxe ao longo da vida, o desenvolvemento de habilidades multidisciplinares e as competencias no uso e o manexo da información. Para a adquisición destas competencias ofertáronse neste ano os seguintes programas:

- e-Destrezas: é un programa de formación orientado ao desenvolvemento e á mellora das competencias dixitais do estudiantado da UVigo. Para 2024 puxéronse en marcha axudas para que o estudiantado poida obter a certificación internacional de competencia dixital (ICDL) que reconece a formación básica e completa en informática a nivel de usuario.
- Cursos híbridos de formación en competencias para o emprendemento e o emprego: 1) Impulsa: programa básico de aprendizaxe en competencias para mellorar as competencias de empregabilidade e 2) Despega: programa avanzado de aprendizaxe en competencias para mellorar as competencias en etapas profesionais.

#### 5. Participación estudantil

Para conseguir que a experiencia do paso pola universidade do noso estudiantado mellore, é necesario incorporar na vida universitaria outro tipo de actividades e cuestións incluídas de xeito xenérico na extensión universitaria. Para promover actividades organizadas polos colectivos de estudantes convocáronse:

- Axudas para delegacións da Universidade de Vigo.
- Axudas para asociacións da Universidade de Vigo.

#### 6. Mellora da empregabilidade

Co obxectivo de facilitar que as persoas tituladas na universidade afronten o seu futuro profesional con maiores garantías de éxito, puxéronse en marcha as seguintes iniciativas:

- Pasaporte de empregabilidade: conxunto de actividades que ofrecen unha ampla formación, ferramentas e técnicas que permiten mellorar as habilidades do alumnado e das persoas recentemente tituladas cara á busca de emprego.
- Feiras EmpregoInCampus: realizouse unha feira de emprego por campus co obxectivo de poñer en contacto persoas recentemente tituladas e estudantes do último curso con empresas colaboradoras que estean buscando talento na Universidade de Vigo.

#### 7. Comunidade alumni-UVigo

Para acadar o obxectivo co que naceu a comunidade alumni-UVigo de xerar un espazo de comunicación que permita manter activo o vínculo entre a institución e as persoas que nalgún momento mantiveron con ela unha relación coa universidade, neste terceiro ano de mandato realizáronse as seguintes actividades:

- IV convocatoria dos Premios Alumni-UVigo e IV Encontro anual Alumni-UVigo 2025.
- Directorio alumni-UVigo: para manter o contacto entre o antigo alumnado, fomentar redes profesionais e facilitar oportunidades de colaboración, mentoría ou desenvolvemento laboral.
- Boletín informativo: publicación quincenal de ofertas de prácticas e de emprego, bolsas, cursos de formación, convocatorias e calquera información de interese para o emprego e o emprendemento.

## Vicerreitoría de Extensión Universitaria

### ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#### Obxectivo 1. Promoción e incremento do uso do galego na institución

Para este obxectivo destácanse as seguintes actividades:

- Campaña «Galego de Tranquis».
- Convocatoria do distintivo de «Gal Ego».
- Segundo Ciclo de Cinema Galego (outubro e novembro).
- Colaboración con centros para actividades a prol do uso do galego.
- Desgravación docente.

#### Obxectivo 2. Accións conxuntas entre cultura, deportes e ANL

A Área de Cultura e o Servizo de Deportes empregan e promocionan o uso da lingua galega, como elemento dinamizador e exemplo do seu uso para a comunidade universitaria e a sociedade.

### ÁREA DE DEPORTES

#### Obxectivo 1. Visualización das actividades deportivas na sociedade (propias e alleas á comunidade)

- Campionatos universitarios (colectivos e individuais). Convenio coa Xunta de Galicia: Competicións internas (no seo da UVigo).
- Competicións externas (ámbitos galego e estatal). No ámbito das universidades públicas do SUG a UVigo foi responsable da organización dos campionatos de vela e de natación.
- Campus Camp (campus de Ourense e de Vigo): no edificio técnico-administrativo e nas instalacións deportivas do campus, en xuño, xullo e setembro de 2024 e dirixido ás fillas e fillos menores da comunidade universitaria.

#### Obxectivo 2. Incremento da participación da comunidade universitaria en actividades deportivas (especialmente do estudantado).

- Abono mUVer nos tres campus, actividades en instalacións propias e actividades da natureza.
- Incentivos para o estudantado: programa de recoñecemento de créditos e comunicación en redes.
- Programas de apoio a deportistas de elite.

#### Obxectivo 3. Revisión das accións da Área de Deportes e, de ser o caso, a súa mellora

- Revisión e actualización dos convenios.
- Vídeos promocionais nas redes sociais das entidades colaboradoras que poñen en valor a sinerxía coa UVigo.

**Obxectivo 4. Interacción co estudantado na procura de suxestións de mellora e proxecto dun grupo de traballo**

Incremento da planificación e posta en marcha de actividades no campus de Vigo co grupo de traballo integrado por estudantes de todas as delegacións do campus.

**ÁREA DE CULTURA**

**Obxectivo 1. Achegamento entre a UVigo, a cidade e a súa contorna**

- Actividades culturais e actos institucionais en Redeiras.
- Finalización da catalogación dos bens culturais da UVigo nos tres campus.
- Aumento do impacto da rede social Instagram «Culturauvigo» como referente das actividades culturais dos tres campus.
- Obradoiros e cursos de extensión universitaria.

**Obxectivo 2. Realización de eventos culturais no campus de Vigo (As Lagoas, Marcosende)**

- Eventos de dinamización co estudantado estranxeiro.
- Obradoiros.
- Rutas no campus de Vigo en colaboración coa OMA.
- XVII Miteu.

**Obxectivos 3 e 4**

Antes das convocatorias públicas (obradoiros, cursos de extensión, concursos...), revísase o seu contido e actualízase escoitando as persoas que colaboraron nas respectivas resolucións coa finalidade de que sexan máis efectivas.

## Vicerreitoría de Internacionalización

A Universidade de Vigo dá un paso decisivo na súa proxección internacional coa aprobación do seu I Plan de internacionalización. Este documento estratéxico, redactado conxuntamente polas diferentes áreas implicadas, foi aprobado polo Consello de Goberno o 6 de febreiro de 2025 e nace coa vontade de consolidar e fortalecer a presenza da Universidade de Vigo no contexto global, promovendo a mobilidade, a cooperación académica e a proxección internacional da docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento.

A continuación recóllense os principais obxectivos acadados e as actividades desenvolvidas en cada un dos eixes temáticos que sustentan o I Plan de internacionalización da Universidade de Vigo.

### EIXE 1. Cooperación internacional

Durante este ano, promovéronse convenios de intercambio e colaboración. Recibíronse delegacións de numerosas universidades e continuouse coa revisión e actualización dos convenios. Renováronse ou aprobáronse arredor de 550 convenios.

A Universidade de Vigo reforzou a súa presenza internacional mediante a participación en accións de promoción e *networking* académico noutras localizacións estratéxicas. Destaca a súa asistencia a feiras cuxa participación veu promovida polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), como a EAIE2024 (34.º edición, dende o 17 ao 20 de setembro do 2024) en Toulouse (Francia) e a APAIE 2025 Conference (dende o 24 ao 28 de marzo de 2025), en Delhi (India), onde se traballou na consolidación de alianzas con institucións de todo o mundo e na difusión da súa oferta educativa e establecemento de novas colaboracións.

A Vicerreitoría de Internacionalización da Universidade de Vigo continuou a súa colaboración co proxecto europeo DACEM, liderado polo docente e investigador Manuel Caeiro, para elaborar un catálogo en liña de materias das universidades socias e asistiu á reunión intermedia celebrada no Instituto Superior do Porto, o 23 de xaneiro de 2025.

Atendendo á creación de dobres titulacións internacionais, estase a traballar actualmente en dúas novas iniciativas neste eido:

1. Unha dobre titulación coa Université d'Orléans (Francia), en colaboración coa Facultade de Filoloxía e Tradución para o Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española. Esta institución é membro da rede de universidades europeas ATHENA.
2. Unha dobre titulación co ISCAP-Instituto Politécnico do Porto (Portugal), en colaboración coa Facultade de Comunicación para o Grao en Publicidade e Relacións Públicas. Esta institución tamén forma parte da rede ATHENA.
3. Unha dobre titulación coa Université Rennes 2, en colaboración coa Facultade de Comercio para o Mestrado universitario en comercio internacional.

Continuando coa creación de titulacións internacionais conxuntas, nesta última convocatoria do Erasmus Mundus, presentáronse dúas propostas na categoría *Design measures*. Estas propostas xa foron presentadas na convocatoria de 2024 e acadaron boas puntuacións pero sen financiamento:

- Master in Digitalisation and Gender
- International Master in Intertwined Humanities and Technology

Nestes meses continuouse coa intensa actividade dentro da nosa Universidade Europea ATHENA PLUS. A vicerreitora asistiu á xuntanza anual celebrada en Orléans (Francia) do 10 ao 12 de xullo de 2024 e á xuntanza en Lublin (Polonia) do 21 ao 23 de outubro de 2024. O 6 e 7 de maio de 2025 organizouse en Vigo unha reunión do Central Coordination Board de ATHENA.

## EIXE 2. Mobilidade

Neste eido estase traballando para aumentar o número de mobilidades tanto físicas coma virtuais. Así, con respecto á mobilidade presencial, os datos para o curso 2024/2025 son os seguintes:

Colectivo	Convocatoria	Fluxo	Número
Estudantado	ERAMUS +KA131	Entrante	359
		Sáinte	414
	ERASMUS+ KA171	Entrante	49
		Sáinte	0
	Bolsas propias	Entrante	107
		Sáinte	13
	GE4	Entrante	0
		Sáinte	2
	ISEP	Entrante	17
		Sáinte	6
	VULCANUS	Entrante	0
		Sáinte	0
PDI	ERAMUS +KA131	Entrante	25
		Sáinte	107
	ERASMUS+ KA171	Entrante	11
		Sáinte	19
	IACOBUS	Entrante	17
		Sáinte	34
PTXAS	ERAMUS +KA131	Entrante	31
		Sáinte	13
	ERASMUS+ KA171	Entrante	0
		Sáinte	0
	IACOBUS	Entrante	2
		Sáinte	1

O 17 de decembro de 2024, a Vicerreitoría de Internacionalización asistiu en Madrid ás Xornadas Anuais de Difusión Erasmus+. Estas xornadas foron organizadas polo SEPIE (Servizo Español para a Internacionalización da Educación).

O 12 de febreiro de 2025 presentáronse as propostas na convocatoria ERASMUS+ KA131 para o estudantado, o PDI e o PTXAS, e tamén para a organización de BIPS e na convocatoria ERAMUS+ KA171 para o estudantado, o PDI e o PTXAS. Nesta última modalidade presentáronse propostas coas 12 rexións (1: Balcáns occidentais, 2: Veciñanza oriental; 3: Mediterráneo sur, 4: Rusia, 5: Asia,

6: Asia central, 7: Oriente Medio, 8: Pacífico, 9: África subsahariana, 10: América Latina, 11: Caribe, 12: Estados Unidos e Canadá).

No eido correspondente á xestión e dixitalización das convocatorias de mobilidade é importante salientar a participación da Vicerreitoría de Internacionalización e da Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo nos eventos:

- MoveON-Spanish Group Onsite Training en CUNEF en Madrid, o 28 e 29 de abril de 2025

A Vicerreitoría de Internacionalización tamén está participando activamente no subgrupo de traballo Equivalencias da sectorial da CRUE internacionalización e cooperación, co fin de acadar unhas táboas que reflectan axeitadamente a equivalencia entre cualificacións. Ademais, esta vicerreitoría está presente en todos os subgrupos de traballos desta sectorial:

- Erasmus+
- Non Erasmus+
- Internacionalización na casa
- Promoción internacional

### EIXE 3. Plurilingüismo e multiculturalidade

Nesta liña, levouse a cabo, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, a actualización da sección de Internacional dentro da web da Universidade de Vigo (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/internacional>). Tamén se traduciu ao inglés a maior parte da web para facilitarlles o acceso á información institucional ás persoas estranxeiras interesadas na UVigo, así como reforzar a proxección internacional da universidade e mellorar a súa visibilidade e posicionamento nas redes académicas e investigadoras a nivel global.

Redactouse e foi aprobado polo Consello de Goberno o 29 de outubro de 2024 o Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo (ReDLE). Acceso ao documento [AQUÍ](#).


Seguiuse coas iniciativas desenvolvidas no curso anterior centradas na aprendizaxe e na reciclaxe das linguas estranxeiras no seo da comunidade universitaria.

Nas actividades do One2One en inglés, Frente a Frente en portugués e Tête à tête en francés, as cifras son:

	1.º cuadrimestre		2.º cuadrimestre		
	Núm. de inscricións	Núm. de sesións	Núm. de inscricións	Núm. de sesións	TOTAL
Inglés One2One	80	50	111	60	110
Portugués Frente a frente	25	20	19	20	40
Francés Tête-à-tête	N/A	N/A	34	20	20

**Tándem lingüístico:** esta iniciativa deseñouse para fomentar o intercambio cultural e a aprendizaxe de linguas dentro da comunidade universitaria. Este programa ofrece unha oportunidade única para establecer contactos lingüísticos con falantes procedentes dos múltiples programas de mobilidade dunha ampla variedade de idiomas (alemán, árabe, chinés, español, francés, galego, hindi, indonesio, inglés, italiano, xabanés, kirunai, malaio, marathi, nepalí, polaco, portugués, panjabi, suahili, tagalo, támil, tunisiano e turco). Está aberto a toda a comunidade universitaria e o obxectivo é facilitar un espazo onde as e os participantes poidan practicar e mellorar as súas habilidades lingüísticas a través de conversacións informais.

### TÁNDEM - curso 2024/25



*English Friendly, português amigável e italiano amichevole.* para a elaboración das guías docentes do curso 2025/2026 xa estarán preparadas as instrucións co fin de ofrecer as diferentes materias das titulacións baixo a etiqueta de *English Friendly, português amigável e italiano amichevole*, as dúas últimas son novidade.

**Plan PIPA** (Plan integral de preparación e acreditación do inglés): ten como obxectivo potenciar a formación do alumnado e tamén a acreditación do seu coñecemento de lingua inglesa. Este programa pioneiro facilitará que, cada ano académico, parte do alumnado de novo ingreso realice un curso preparatorio e acceda ás probas de certificación CertAcles de balde.

Datos actualizados de participación a día 30 de abril de 2025:

- **Plan PIPA B1/B2:** 34 persoas
- Exame CertAcles: 22 e 23 de maio

Durante este curso, leváronse tamén a cabo as seguintes iniciativas formativas:

- **Curso de inglés** síncrono para o profesorado do Grao en Relacións Internacionais, orientado á mellora das competencias lingüísticas no eido académico.
- **Obradoiro síncrono** «Práctica do discurso oral en inglés en foros científicos» (CINTECX), centrado na comunicación científica oral en inglés.
- **Curso asíncrono de preparación HELA** (*Higher Education Lecturing Accreditation*), destinado á capacitación docente en contornos internacionais.
- **Aula Confucio:** Obradoiro de caligrafía chinesa, enfocado na difusión da cultura e escritura tradicional chinesa.

- **Curso presencial de pronuncia en inglés**, impartido no marco da Escola Aberta de Formación Permanente, co obxectivo de perfeccionar a pronunciación do profesorado.


#### EIXE 4. Atracción de talento internacional

A Vicerreitoría de Internacionalización da Universidade de Vigo participou en varias feiras internacionais organizadas polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), co obxectivo de promover a súa oferta académica e atraer estudantado internacional, así como establecer novos lazos institucionais.

- Feira virtual UNIVERSIA, outubro de 2024, xunto coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade
- Feira EuroPosgrados, novembro de 2024, en Cidade de México e León-Guanajuato
- IX Feira de Captación de Estudantado Internacional, febreiro de 2025, en Casablanca, Rabat e Tánxer
- QUALIFICA, marzo de 2025, en Porto, Portugal
- Feira Cono Sur, abril de 2025, en Santiago de Chile, Bos Aires e São Paulo

No ámbito da propia universidade, organizáronse dúas sesións para presentarlle a oferta académica ao estudantado do programa Lingua, Cultura e Adaptación (LCA), coñecido como Campus Spain. Estas sesións completáronse coa visita aos centros do campus de Vigo, cuxas titulacións espertaron maior interese.

Número de estudantado do programa LCA nos últimos tres cursos académicos:



Realizouse unha campaña de mercadotecnia nas redes sociais a través da plataforma Keystone nos meses de marzo e abril de 2025. O resultado foi 226 679 visitantes. A maior parte das visitas que reaccionaron e buscaron máis información corresponderon a conexións dende América Latina e, en menor medida, dende países africanos.

Dende a Vicerreitoría de Internacionalización, xunto coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, estamos a traballar nos cambios das normativas estatais e autonómicas relacionadas co acceso e admisión á universidade.

Ao nivel da Universidade de Vigo, xunto co Servizo de Posgrao, anticipouse o calendario de preinscrición nos mestrados para facilitar a preinscrición do estudantado internacional.

Estableceuse un período dende o 20 de abril ao 12 de maio de 2025. Segundo os datos do Servizo de Posgrao, recibíronse 956 solicitudes de persoas que realizaron estudos preuniversitarios fóra de España (579 de países do norte de África; 319 de países LATAM).

## **OUTROS EVENTOS E ACTIVIDADES DE INTERNACIONALIZACIÓN**

Eventos organizados dende a Vicerreitoría de Internacionalización:

- *Welcome Days* para o estudiantado internacional da Universidade de Vigo (do 4 ao 6 de setembro de 2024 e do 29 ao 31 de febreiro de 2025)
- *ERASMUS Days* (do 14 ao 17 de outubro de 2024)
- II Xornada de Igualdade para o estudiantado internacional (13 de marzo de 2025)
- Semana Internacional *Educación transformadora: igualdade de xénero e cambio institucional* na Universidade de Vigo (do 5 ao 9 de maio de 2025)
- Xuntanzas da Comisión de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo (13 de setembro de 2024 e 21 de xaneiro de 2025)

Asistencia da Vicerreitoría de Internacionalización a actividades:

- Jornada CRUE-Internacionalización y Cooperación na Universidad CEU San Pablo (Madrid) (2 e 3 de decembro de 2024)
- Jornada CRUE-Internacionalización y Cooperación na Universidad de Jaén (24 e 25 de xuño de 2024)

## Vicerreitoría do Campus de Ourense

Acreditación do Campus Auga e desenvolvemento das actividades de investigación	100 %
Sinatura e posta en marcha da Cátedra de desenvolvemento sostible do rural ourensán	50 %
Planificación e posta en marcha de actividades en vilas da provincia ourensá	50 %
Reorganización e impulso da actividade do CITI	60 %
Impulso da transferencia e da investigación con empresas	70 %

As accións para o ano 2024 recollidas no Plan estratéxico da acreditación do Campus Auga como campus de especialización do SUG foron medidas e avaliadas pola Xunta de Galicia a través de 130 indicadores de seguimento e de execución. O informe de seguimento do ano 2024 realizado pola Xunta de Galicia indica excelentes resultados tanto de execución coma de seguimento de todas as dimensións e acadou valores agregados superiores ao 100 % nos totais (execución: 336,01 %; seguimento: 602,83 %). Incluso nesta anualidade de 2024 alcanzáronse xa os obxectivos do remate da acreditación en 2027 dun total de 34 indicadores (30,4 %, case 1 de cada 3).

Asociado á liña de xestión de auga termal e mediante un convenio coa Deputación de Ourense, estase a desenvolver o desenvolvemento sostible do rural ourensán para axudar os concellos de menos de 20 000 habitantes en temas de termalismo, coa posta en marcha de diferentes actividades nesas vilas.

A través do campus de especialización e do CITI deuse un gran pulo á transferencia e á investigación con empresas da provincia incorporando as máis representativas nos órganos de dirección do Campus Auga como o consello reitor e o comité consultivo socio empresarial. Estase a traballar na solicitude dunha unidade mixta de investigación (UMI) coa empresa Coren que se situará no CITI.

## Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

### 1. O galego, a lingua propia da Universidade de Vigo

O pulo ao galego pasou pola intensificación do noso esforzo na súa promoción con actividades como as seguintes:

- Organizouse o Día de Rosalía de Castro. O acto contou coa presenza de María do Cebreiro Rábade, quen fixo unha lectura de poemas de Rosalía, e cun apartado musical da man do Dúo Crúas, que interpretou algunhas pezas musicais e rematou coa Alborada de Rosalía de Castro.
- Ciclo Contos de Inverno.

### 2. Acreditación do Campus Crea

- Aprobouse o Plan estratéxico 2024-2027 para o campus de especialización Crea.
- Renovouse o comité reitor do campus de especialización Crea.

### 3. Investigación

Planificáronse e puxéronse en marcha actividades para fomentar a transferencia e a investigación no campus de Pontevedra.

- I Congreso Internacional da Creatividade Crea. Entre o 4 e o 5 de novembro de 2024 organizouse o primeiro congreso internacional da creatividade. Contou coa inscrición de máis de 80 participantes. Recibíronse máis de 70 propostas de comunicación nos ámbitos do deseño, a educación, a publicidade, as artes creativas e a comunicación.
- Preparáronse propostas de proxectos de investigación institucionais para concorrer a convocatorias europeas coa implicación do maior número de ámbitos do campus.
- IV Xornada de Investigación Campus de Especialización Crea.
- Convocatoria dos IV Premios de Creatividade e Innovación 2024.
- Organizouse a Semana da Creatividade. Este programa de actividades incluíu conferencias, obradoiros e concertos. Na edición deste ano, as actividades programadas contaron coa presenza de máis de 1000 asistentes da comunidade universitaria do campus de Pontevedra.
- Revista Internacional Multidisciplinary Journal Crea.

### 4. Internacionalización

Co propósito de construír unha universidade máis proxectada no mundo, desenvolvéronse accións para fortalecer a presenza do campus no ámbito europeo e internacional.

- Leváronse a cabo **accións de internacionalización**: promocionouse o programa de doutoramento Crea S2i.
- Formalizouse a sinatura dun convenio específico coa Escola Superior Artística de Porto en Portugal e está en proceso de formalización o convenio coa Universidad Andrés Bello en Chile.

## 5. Infraestruturas e sustentabilidade

Co obxectivo de mellorar a vida das persoas da comunidade universitaria realizouse un investimento en infraestruturas útiles, confortables, funcionais e sostibles.

- Púxose en marcha o Crea Lab, un laboratorio tecnolóxico de axuda á investigación no ámbito da creatividade.
- Novo trazado da rede de auga potable para a Escola de Enxeñaría Forestal, a Facultade de Fisioterapia e a escola infantil.
- Melloras no pavimento deportivo do pavillón universitario.
- Substituíuse a cuberta na Facultade de Fisioterapia (60 %).
- Nova iluminación nas zonas deportivas da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- Novos accesos á planta semisoto da Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra.
- Novo sistema de produción de ACS mediante a aerotermia para a escola infantil do campus de Pontevedra.

## 6. Extensión universitaria


A experiencia do paso pola universidade precisou incluír aspectos relacionados coas actividades deportivas, culturais, foros de debate etc.

- XIV Mostra Internacional de Teatro Universitario (Miteu).
- Actividades da Aula de Teatro Universitario do campus de Pontevedra.
- Obradoiro «Baile tradicional galego. Como bailar nun serán».
- Creouse o grupo de baile tradicional do campus de Pontevedra.
- Obradoiros e clases de música da Aula Permanente de Música Tradicional Galega do campus de Pontevedra.
- Ciclo de concertos na rúa protagonizados pola Aula Permanente de Música Tradicional Galega de Pontevedra.
- Coro universitario.
- Concerto de Primavera, 2024. Nesta edición participou a Orquestra Xove de Pontevedra cun programa de pezas titulado «Sinerxías» que contou coa colaboración da Aula Permanente de Música Tradicional e da Aula de Baile Tradicional do campus de Pontevedra.
- Ciclo de música para reCREAr. Programa anual de concertos de música.
- Festival Internacional de Cinema de Pontevedra. Novos Cinemas.
- Mesa redonda sobre talento, superación e desafíos.
- Elaboración da guía da xiloteca e as unidades didácticas para as coleccións universitarias do campus de Pontevedra.
- Ciclo de música clásica A Clásica na UVigo, 2024.
- Programación das exposicións na sala Profesor Manuel Moldes e na sala O Abrigo da Facultade de Belas Artes.
- Planificación anual e posta en marcha das actividades da Cátedra Almirante Álvarez Ossorio.

## 7. Estudantado

O enriquecemento da experiencia universitaria tamén pasou por unha oferta que recolleu actividades relacionadas co emprego e co emprendemento.

- Organizouse e promocionouse a Feira de Emprendemento Pont Up Store.
- IV Premios de Creatividade e Innovación 2024.
- Colaboración na organización do programa de emprendemento In-TEAMS.
- Programa de emprendemento sénior TaleS.
- Semana da Creatividade e da Innovación 2024.
- Xornadas Universidade-Empresa: experiencias de titulados/as no eido da publicidade e das relacións públicas. Coa participación de Goretti Castro Rey, Senior Content Developer en Hijos de Rivera Estrella Galicia; Alejandra Benso Regueira, *event manager & producer* en Pepe Solla; Vanesa López Chousa, socia fundadora e directora de Trisquelia.
- VIII Congreso Internacional Fugas e Interferencias.
- Acondicionamento do **Crea Lab**, infraestrutura de apoio á investigación.
- Debut 2024. Obradoiros, conferencias, presentacións de coleccións, xornadas profesionais e exposicións.



Universidade de Vigo